



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/10	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «Necesidade de tramitar o expediente administrativo das subvención nominativas para poder ser outorgadas neste exercicio,dado que aínda que en principio queríanse outorgar en réxime de concorrencia competitiva,debido o colapso administrati e dado que a súa tramitación é máis sinxela, é necesario aprobalo para que entren en vigor neste exercicio. Igualmente é necesario dar a conformidade a certas cláusulas modificadas no Convenio do colector Río Veiga»
<b>Data</b>	24 de novembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 12:30 ata as 13:14 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Regina Polín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Antía Pena Dorado

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33536341H	Antía Pena Dorado	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

79324942N	Juan Antonio Rey Rivas	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da Urgencia

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sométese a ratificación a urgencia da celebración da sesión plenaria que é aprobada por unanimidade, sen embargo por parte do voceiro do PP, Sr. Teixido faise a consideración de que a urgencia como tal debería estar máis motivada, pois realmente neste caso non existe, independentemente de que voten a favor.

#### Expediente 1750/2017. Modificación bases de execución nº 33

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Ordinaria  
A favor: 12, En contra:  
0, Abstencións: 1,  
Ausentes: 0

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Por parte da Alcaldesa da o uso da palabra a Sra. Secretaria que procede a dar lectura á proposta de alcaldía, que no seu teor literal di:

 **EDIENTE Nº: 1750/2017**

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN BEO Nº 33

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Dende o ano 2004 neste Concello concedéronse subvencións nominativas a asociacións ou grupos de traballo ubicadas no término municipal. As mesmas incluíanse nos orzamentos xerais do Concello no apartado de “subvencións nominativas” e, no mesmo, aparecía a relación total do tecido asociativo municipal. Con tempo foise constatando que se xurdían asociacións sen obxectivos claros e que xustificaban a súa dotación con actividades que pouco ou nada contribuían á dinamización social, cultural ou medioambiental que recollían nos estatutos. Daquela tentouse explicar que Guitiriz precisaba acadar unha implicación conxunta entre o público e o privado (Concello e Asociacionismo) para buscar metas importantes no eido promocional, cultural, social,...A meta sempre quedou moi curta e cada ano resultaba máis difícil xustificar traballos para recibir os cartos. Namentras o traballo dentro do Concello aumentaba e bloqueaba algún departamento.

Entre os anos 2014 e 2015 a Deputación de Lugo, a través de Vicepresidencia puxo en marcha un interesante programa de dinamización do rural a través da colaboración entre os concellos e as asociacións municipais. Durante as múltiples sesións celebradas en Guitiriz quedou patente que asociacións existen moitas pero a participación no programa foi moi pequena e o interés só se concretaba nun número minúsculo de formacións que, curiosamente, amosaban interés e ideas. Unha das conclusións á que chegaros a cabo os membros do equipo contratado pola entidade provincial foi que se estaba a repartir cartos a todas as asociacións por igual premiando as que nada aportaban co que se castigaba ás activas e rendibles.

Con estes antecedentes claros, no ano 2016, dentro dos orzamentos municipais incluíronse partidas destinadas a repartir entre as asociacións activas mediante bases aprobadas para tal fin e que recollen claramente obxectivos dinamizadores para mellorar a calidade de vida, a promoción municipal, a colaboración cidadá,... A mesma cantidade se repetiu no orzamento do ano en curso ,en concreto, na Base 33 das de execución do orzamento municipal.

Pese ás boas intencións dos responsables municipais chocamos co complicado momento social que aumenta de xeito considerable o traballo e non permite dotar do persoal necesario para levalo a cabo. Semella que é esta unha queixa recorrente mais non deixa de reflexar as dificultades diarias que viven os

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

traballadores públicos para desenrolar o seu traballo responsable e axeitadamente. Todo isto nos impediou elaborar as bases para facer un reparto xusto do diñeiro reservado. Ante o escaso tempo restante para rematar o ano e o temor a perder de novo a dotación adicada a este tema, propomos adxudicar de xeito nominativo certas cantidades económicas a determinadas asociacións que realizan unha actividade notoria, en todos os casos en colaboración co Concello, detallando algunha desas actividades. Mantense o compromiso de que na vindeira anualidade se elaborarán as bases con tempo suficiente para un reparto equitativo entre todas as que clara vocación de servizo xeral.

En base ao anterior e ao amparo da posibilidade prevista no artigo 22.2.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10.1.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello, este grupo de goberno propón a inclusión no vixente orzamento municipal das seguintes subvencións nominativas:

- |  |        |
|--|--------|
| 1.-ASOCIACIÓN XERMOLOS   | 6.000€ |
| <i>Polas numerosas actividades que realiza ó longo do ano: Festival de Pardiñas, Cabalgata, Antroido, Festival de Cine de Roca,... e por manter a Coral e outros grupos que levan o nome de Guitiriz por diferentes ámbitos e lugares.</i> |        |
| 2.-ASOCIACIÓN DE BARES   | 1.500€ |
| <i>Por organizar o concurso de tapas que activa durante uns días a vida no Concello. Para sufragar os gastos de publicidade do evento.</i>   |        |
| 3.-ASOCIACIÓN DOS VILARES (CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL)  | 1.000€ |
| <i>Pola realización da singular "Romería Labrega da Chaira"</i>  |        |
| 4.-ASOCIACIÓN AS CALZADAS DO BURIZ   | 900€   |
| <i>Por organizar a "Romería de San Nicolás" e por tela recuperado despois de tantos anos.</i>  |        |
| 5.-PLATAFORMA PRO-LABRADA  | 900€   |
| <i>Pola organización da "Festa da verza rizada"</i>  |        |
| 6.-Clube Os BTTs   | 900€   |
| <i>Pola organización da xornada cilista (actividade que fai unha moi boa promoción do noso Concello) organización do día da bicicleta, e colaboración nas rutas en bici,..</i>   |        |
| 7.-ASOCIACIÓN ECUESTRE   | 900€   |
| <i>Pola organización das rutas ecuestres e colaboración na Feira da cantería, callos,... de Parga</i>  |        |

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Coas subvencións prevista no punto 1 búscase favorecer no termo municipal a promoción cultural prevista no artigo 25.2.m) da Lei de bases do réxime local, mentres que coa prevista no punto 6 preténdese fomentar a práctica do deporte, ao amparo do establecido no artigo 25.2.l) daquela lei. Co resto das subvencións nominativas propostas búscase tanto a promoción cultural como a ocupación do tempo libre prevista no citado artigo 25.2.l).

En canto documento integrante do expediente orzamentario, a modificación das Bases de execución do orzamento deberá seguir os mesmos trámites e serán de aplicación as mesmas regras de distribución de atribucións entre os órganos municipais que os previstos para a aprobación do orzamento.

En base a todo o anterior PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo Dictame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 2 da Base nº 33 das de execución do vixente Orzamento municipal, incorporando a previsión da concesión nominativa das subvencións ás que se fixo referencia máis arriba, de xeito que o apartado quede redactado como segue:

2.- De conformidade co esixido polo artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, enuméranse de seguido as entidades en relación coas cales se prevé a concesión de subvención nominativa:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE (€)
326.48100	Asociación Educando en Familia (G27437581)	Programa de Intervención Educativa Familiar (0 a 6 anos). Anualidade 2017.	4.600,00
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	Gastos correntes para organización de Cabalgata de Reis (ano 2017).	700,00
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	Gastos correntes para organización do Antroido (ano 2017).	700,00
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	Gastos correntes e de actividades da Coral (ano 2017).	700,00
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	Gastos correntes para organización do Festival de Pardiñas (ano 2017).	3.900,00
334.48902	Asociación Cultural Os Villares (G27118355)	Gastos correntes para organización da Romaría Labrega da Chaira (ano 2017).	1000,00
334.48902	Asociación As Calzadas do Buriz. (G27328319)	Gastos correntes para organización da "Romería de San Nicolás" (ano 2017).	900,00
334.48902	Asociación Plataforma Pro-Labrada (G27386754)	Gastos correntes de organización da "Festa da Verza rizada" (ano 2017).	900,00
334.48902	Asociación Equestre de Guitiriz (G27433317)	Gastos ordinarios e de actividades para a organización de rutas ecuestres (ano 2017)	900,00
338.48900	Asociación de Hostaleiros de Guitiriz (G27462787)	Gastos de publicidade da organización do concurso de tapas (ano 2017).	1.500,00
340.48900	Sociedade Deportiva Guitiriz (G27151505)	Posta en marcha de equipos de fútbol de categorías inferiores.	1.500,00
340.48900	Clube Ciclista BTTEIROS Cova da Serpe.	Gastos Ordinarios e de actividades para organización da Xornada Ciclista, e	900,00

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

	(G27463306)	organización no Día da bicicleta (ano 2017)	
--	-------------	---	--

Segundo.- Expoñer ao público a dita modificación, previo anuncio que se publicará no BOP, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.

Terceiro.- Entender definitivamente aprobada a modificación desta BEO no caso de que nese prazo non se presenten reclamacións polos interesados.

Apertúrase o debate e toma a palabra o voceiro do PP, que comeza dicindo que as cousas non se poden facer así, as prisas e correndo. Ao Pp parécelle ben que se inclúan estas asociación para levar estas axudas, sen embargo este trámite debeuse facer no pleno ordinario do 30/11/2017.

De feito replícalle á Sra. Alcaldesa, que o que está ocupando esa cadeira ten que saber asumir responsabilidades.

Continúa dicindo que o equipo de gobernó está sempre a trancas e barrancas e sobrecarga ó resto da corporación con este tipo de problemas.

Finaliza dicindo que tampouco entende certa discriminación existente con este tipo de subvencións.

Toma a palabra o concelleiro non adscrito, Sr. Blengua, que comeza a súa exposición dicindo que as asociación deben recibir este tipo de axudas se dinamizan dende o punto de vista social, cultural, e entende que os que non se incluíron debe ser porque non cumpren estes requisitos.

Está dacordo en concederlas se cumpren cos requisitos da LGS 38/2003 e conforme a recenté ordenanza xeral de subvencións aprobada.

Matiza que por exemplo a asociación de bares realiza moitas máis actuacións das sinaladas.

Finaliza dicindo que realmente existe un apuro nas datas, o que está a poner en perigo a dotación presupuestaria para 2017 e adianta o seu apoio á proposta de alcaldía

Por parte do voceiro do BNG, no uso da palabra na primeira rolda de intervencións comeza dicindo que na urxencia da sesión plenaria soamente se lle informa telefónicamente do procedemento de concesión das subvencións nominativas , pero non se me indica nada do expediente do colector, e agarda que por parte de Alcaldía teñan fundamentos posto que tramitar todo en tres días non é viable.

Respecto da concesión das subvencións nominativas, por parte do BNG manifesta o desacordo coa concesión a algunhas das asociación, como xa puxo de manifestó co gaio da aprobación dos orzamentos.

Reitera a elaboración dunhas bases reguladoras para que estas subvencións poidan ser outorgadas en réxime de concorrencia competitiva que non discriminen a ningunha asociación. Considera oportuno o non financiar o 100% da actuacións. Asi mesmo considera necesario que nesas bases se prevean dous tipos de asociación de tipo cultural ou gastronómico.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Especifica que no caso da valoración da Asociación Xermolos non valoraron que é a encargada de organizar a festa da Fala ou por outra banda no caso da Romería de San Nicolás, que para o próximo ano será a asociación equestre de Guitiriz.

De seguido ten a palabra o voceiro do Grupo independente que inicialmente pregunta se este expediente se corresponde coas subvencións do ano 2017. Así mesmo indica que no 2016 as asociación non recibiron ninguna subvención.

Comenta que no caso de Xermolos reciben a contía completa mentres que no caso dos Vilares, que organiza magosto, entroido, excursións, soamente se lle paga pola Romería.

Finalizada a súa intervención toma a palabra a Sra. Alcaldesa-Presidenta que indica que con respecto a non inclusión da festa da Fala nas actuacións realizadas por Xermolos, na memoria e proposta inclúense as actividades máis relevantes, non todas, de ahí os puntos suspensivos.

Con respecto a urxencia, se ben existe intención por parte do equipo de goberno en que se fagan as bases reguladoras, pero choca co complicado momento social que estamos a sufrir e non é posible dotar de persoal cualificado para levar a cabo.

A imposibilidade da normativa estatal para contratar e o volume de traballo existente impediu a redacción das bases reguladoras. Visto isto existían dúas posibilidades perder a dotación presupuestaria como pasou no 2016 ou modificar as bases para concedelas nominativamente.

Indica que A festa de San Nicolás, neste ano 2017 foi a do Buriz, para o ano que ven xa se valorará a quen a organice.

Esta modificación da base 33 implica uns tempos, e se esperamos ó día 30, como indica o Sr. Teixido, non se cumprirían os prazos, polos que decidimos salvar a asociación que realmente traballaron.

Por outra banda, esta modificación traese o pleno porque así o esixe a normativa, non porque nos queiramos liberar de responsabilidades.

Continúa dicindo que cree que non se discriminou a ningunha asociación, cuestión que por outra banda foi analizada por numerosas persoas.

Finalmente co respecto do Colector, é un simple trámite, porque o que tiña importancia xa foi correxido previamente ( no borrador prevíase o pago cambiando a anualidade sendo totalmente imposible porque eses cartos foron incorporados do exercicio anterior e habería que acudir a unha nova modificación presupuestaria). A urxencia é para salvar eses 200.000 euros.

Paralelamente estase a tramitar a aprobación do proxecto que é competencia da XGL, polo que non se obrecargamos de responsabilidades.

Finalizada a súa intervención toma a palabra, na segundo rolda de intervencións, o voceiro do PP, Sr. Teixido, que indica que durante todo o mandato leva poñendo as excusas da falta de persoal.

Recrimina que a alcaldesa é a impulsora do asociacionismo e agora a pesar de que anima a constituír esas asociación, estas non son incluídas nesta relación para poder percibir unha subvención.

---

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Finaliza a súa intervención dirixíndose á Alcaldesa “vostede é a que traballa agora”

De seguido toma a palabra o concelleiro non adscrito que indica que dada a celeridade do procedemento e dado cos recursos que conta, na lectura inicial non se deu conta que na proposta de alcaldía dicía “previo ditame da Comisión Informativa”, e aínda que debería de habelo consultado antes, indica se se trata dun erro, ao que alcaldesa contesta que sí posto que se trata dun pleno extraordinario urgente.

Por parte de Alcaldía reiterasen as disculpas por non facilitar a documentación anticipadamente.

Por parte do concelleiro non adscrito insítese en que a base desta modificación é que as asociación teñan obxectivos claros e sirvan ao interese común .

De seguido toma a palabra o voceiro do BNG que admite a corrección da Romería de San Nicolás.

Non sendo necesaria intervención do voceiro do grupo independente toma a palabra a Sra. Alcaldesa- Presidenta que comeza ,dirixíndose ao Sr. Teixido , dicindo que sempre se lle acusa de suxerir a creación de asociación, pero o feito é que se se quere dinamizar un Concello hai que ter tecido asociativo.

Unha asociación ten que nacer para dinamizar, non so para facer comidas, pero aínda que suxerín a súa creación, se esas asociacións non cumpren cos obxectivos , non poden ser beneficiarias.

Matiza que na asociación dos Vilares incrementouse a aportación en 100 euros respecto do Buriz, porque as actividades realizadas pola primeira son moito maiores ( magosto, entroido, clases de gaita).

Finalizado o debate sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (PSOE; PP; concelleiro non adscrito e grupo independente)

Votos en contra: 0

Abstencións:1 (BNG)

Queda aprobada a proposta de alcaldía por maoría absoluta con 12 votos a favor.

### Expediente 171/2016. Aprobación de Convenio de Colaboración con la Confederación hidrográfica

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



Por parte da Secretaria da Corporación procédese a dar lectura a proposta de Alcaldía, que no seu teor literal di:

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz



### POSTA PLENO

Expediente:171/2016.

Asunto: Aprobación das modificacións introducidas no Convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño -Sil, a Excelentísima Deputación de Lugo e Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto do colector Río Veiga, T.M. de Guitiriz (Lugo),

Por acordo plenario extraordinario urxente de 10/04/ 2017 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño -Sil, a Excelentísima Deputación de Lugo e Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto do colector Río Veiga, T.M. de Guitiriz (Lugo),

Visto a proposta de modificación no Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño -Sil, a Excelentísima Deputación de Lugo e Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto do colector Río Veiga, T.M. de Guitiriz (Lugo),de data 8/06/2017, remitidas por Confederación Hidrográfica o 21 de novembro de 2017 e RE 5260.

En canto á financiación das obras os importes previstos para as distintas administracións asinantes do convenio de colaboración é o seguinte:

Orzamento total: 1.020.000 de euros (inclúe a execución das obras e a dirección técnica)

Confederación Hidrográfica (55.88%):570.000 euros (ano 2018)

Deputación de Lugo (24.51%): 250.000 euros (ano 2017)

Concello de Guitiriz (19.61%): 200.000 euros (ano 2017)

Visto o informe xurídico de secretaría de data 22/11/2017.

Considerando o disposto no RDL 1/2001, do 20 de xullo, TR Lei augas, e na Lei 9/2010, do 4 de decembro, de augas de Galicia, e normativa de desenvolvemento.

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 80 da Lei da administración local de Galicia, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando a atribución concedida ao alcalde e ao Pleno polo artigos 21.1 e 22.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previa fiscalización da intervención municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as modificacións introducidas por Confederación Hidrográfica Miño-Sil no Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño -Sil, a Excelentísima Deputación de Lugo e Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto do colector Río Veiga, T.M. de Guitiriz (Lugo),de data 8/06/2017.

**SEGUNDO-** Comunicar o presente acordo á Confederación Hidrográfica así como á

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Deputación de Lugo, e facultar á Sr. Alcaldesa para a sinatura do correspondente convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

Inicialmente a Alcaldesa aclara que das modificacións propostas se suprimiu o da anualidade, que se mantén como estaba inicialmente prevista e que a entrega se fai por mutación demanial, que aínda inicialmente nos sorprendeu, por parte da Sra. Secretaria se chegou a conclusión que é conforme á legalidade.

De seguido ábrese o debate, tendo a palabra o voceiro do PP, Sr. Teixido que pregunta se eso que acaba de explicar está no escrito que se rexistrou o 21/12/2017.

A Alcaldesa indica que eso foi un borrador inicial da semana anterior e que esas modificacións introducíronse despois de negociar, sendo o escrito do 21/12/2017 a redacción definitiva despois da negociación.

Por parte do voceiro do PP manifesta a súa disconformidade coa aclaración feita pola Alcaldesa e procede a leer literalmente parte do informes técnicos de intervención e secretaría, dos que se resume o pouco tempo existente para a súa elaboración e redacción, e indica que tampouco a Corporación tampouco se dispuxo do tempo suficiente para estudar o tema, e sin embargo vense como obrigados a aprobar esta proposta porque se non perderíanse os cartos.

Reitéralle a Alcaldesa que non se pode continuar con este ritmo atropelado no traballo, que as cousas necesitan os seus prazos.

Toma a palabra o Concelleiro non adscrito, que indica que parece que queda claro que a modificación no afecta a aportación pactada e que existe crédito adecuado e suficiente para o obxecto do Convenio.

Por parte do BNG, indícase que por parte da Deputación xa se está vendendo ben. Pensa que o máis importante é cando vai empezar a obra, se vai ser este ano ou non.

Pregunta se o único que cambiou no texto conveniado é o que é obxecto de aprobación neste pleno, ao que a Alcaldesa responde que sí.

Volve facer énfase na necesidade de saber se a obra vai empezar este ano ou cando realmente, ademais de quen vai financiar inicialmente as obras, se van ser o Concello o Deputación ou Confederación .

Por parte do Sr. Veres, do grupo independente, indícase que os cartos vanse entregar antes de empezar a obra.

Por parte da Sra. Alcaldesa-presidenta comeza a súa exposición dicindo que non está dacordo coa resposta dada polo PP, porque o seu argumento de que non tiveron información non é válido dado que é un proceso que ven dende o ano 2014, e que o longo deses anos houbo diversos problemas que impediron a materialización do convenio e a súa execución.

Nestes intres pódese informar que está adxudicado a dirección, e ten un tempo de

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

execución, o que non podo dicir é cando se vai iniciar.

Respecto de quen vai a pagar a obra, responde que é CHMS, posto que o Concello ingresa a Confederación quen é quen realiza a obra. De tódolas formas se alguén pensa que estou vendendo algo diferente ,aclara que máis do que se loitou para que isto saíra adiante non se poder loitar.

Na segunda rolda de intervencións, o voceiro do PP, indica que sabemos que é unha obra moi necesaria e os atrancos que houbo para levala a cabo. Por outra banda, se na prensa soamente aparece a Deputación como a responsable da obra ( por alusión ó dito por o voceiro do BNG), xa se está a dicir algo que non é, dado que tamén interveñen o Concello e CMHS.

Finalmente indica que o PP ten que votar algo nesta proposta, na que os informes existentes se remiten todos a informes anteriores, e pon de manifesto a falta de certos coñecementos xurídicos, polo que reitera que esta práctica non se repita en sucesivas ocasións.

Por parte do concelleiro non adscrito indícase que non vai obstaculizar ningún procedemento, posto que éste ten as súas pautas e prazos e neste caso dependemos de outras administración. Por outra banda, dicir que cando empeza a obra non cree que sexa competencia de alcaldía , e todo o demáis exposto en canto a prensa non deixa de ser campaña electoral, no que non se vai meter nin incidir.

De seguido toma a palabra o voceiro do BNG que continúa dicindo que está claro que a este ritmo a obra non empeza nin este ano nin a finais do seguinte. De momento está claro que se adiantan catrocentos e pico mil euros por parte de Concello –Deputación, pero que a obra non vai empezar. Pregunta se a CHMS vai traballar con esa achega para o ano que ven.

Temos que ser conscientes de que a obra faina CHMS, pero indícalles que lembren a observación que acabo de facer.

Non sendo necesaria intervención por parte do voceiro do Grupo Independente, toma a palabra a Sra. Alcaldesa-Presidenta que indica que con respecto ao comezo da obra depende do tempo, e que sabemos agora como está o nivel do río, pero non como vai estar dentro de 15 días.

Confía en que Confederación ten a intención de executar a obra, e respecto da publicidade da prensa indica que todos os partidos están encampaña electoral, e todos eles venden moi ben as actuacións que levan a cabo.

Rematado o debate sométese a votación quedando aprobado por unanimidade con 13 votos a favor (PSOE;PP;BNG; concelleiro non adscrito e Grupo Independente)

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL



## Concello de Guitiriz

---

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178